



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de xuño de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de xuño de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(616).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 31 de maio e extraordinarias e urxente do 1 e 4 de xuño de 2018 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(617).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DATA 19/06/15, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS DELEGADOS. EXPTE. 355/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 11/06/18, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo Excmo. Alcalde, que di o seguinte:

O Servizo de Patrimonio, mediante informe de data 05/06/18 Expte. 20094/250), solicita unha modificación do réxime de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-as delegados-as de área de data 19 de xuño de 2015 e posteriores modificacións no sentido de delegar na **CONCELLERÍA DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. En materia de Patrimonio** a competencia da xestión económica para tramitación e aboamento das cotas das comunidades de propietarios ás que pertenza o Concello de Vigo e que correspondan á Área de Patrimonio.

Á vista do dito informe e, detectada a conveniencia de ampliar a delegación solicitada a todas as concellerías-delegadas de área cara ao impulso do cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade na xestión pública no Concello, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admon. Electrónica, emitiu instrución de servizo en data 08/06/18, para que pola Secretaría do Goberno Local se elabore o preceptivo informe proposta para a modificación do acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de área de data 19 de xuño de 2015 e posteriores modificacións, engadindo no seu apartado "**Segundo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do 17 de xuño de 2015 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:**" un novo apartado co seguinte contido: "**Delegar nos concelleiros delegados de área a xestión económica para tramitación e aboamento das cotas das Comunidades de Propietarios ás que pertenza o Concello de Vigo e que correspondan a súa Área competencial.**"

O desenvolvemento das atribucións de xestión económica correspóndelle á Xunta e Goberno local por prescrición da letra "g" do apartado 1 do artigo 127 LRBRL, podendo delegala nos concelleiros conforme o sinalado no seu apartado 2.

Polo exposto no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta a Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, engadíndolle ao seu apartado "**Segundo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do 17 de xuño de 2015 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:**" unha nova competencia co seguinte contido:

"Delegar nos concelleiros delegados de área a xestión económica para a tramitación e aboamento das cotas das Comunidades de Propietarios ás que pertenza o Concello de Vigo e que correspondan a súa Área competencial."



Concello de Vigo

Segundo.- Notificar este acordo ao conxunto dos/das titulares das concellerías-delegadas municipais, comunicalo aos responsables dos servizos e áreas municipais e, para xeral coñecemento e efectos, dar publicidade do mesmo mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(618).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ERGÚETE”, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUCTAS ADICTIVAS 2018-2021. EXPTE. 154891/301.

Visto o informe xurídico do 04/05/18 e informe de fiscalización do 01/06/18, dáse conta do informe-proposta do 04/05/18, asinado polo xefe do servizo CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. O obxecto deste Convenio é a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2018 – 2021».

I.2. Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

I.3. A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas Fichas que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

I.4. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de 69.725€/ano, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Entidades PLDA Financ Autonómica*”) e á súa bolsa de vinculación. As correspondentes a futuros exercicios estarán

condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

I.5. O evidente interese social na implementación na nosa cidade dun programa cuatrienal de prevención en materia de drogodependencias en estreita colaboración coas entidades sociais mencionadas xustifica o outorgamento dunha subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmente tales extremos no informe técnico / Memoria xustificativa e no propio Convenio (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

I.6. O réxime de pagamentos previsto no Convenio é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (34.862,50€) á sinatura do Convenio en 2018 e no mes de xaneiro de 2019, 2020 e 2021, sempre que estea xustificado o aboamento anterior (segundo aboamento anual).
2. O segundo 50% restante da achega anual, unha vez xustificado o pagamento do mes de xaneiro, agás no ano 2021, no que o pagamento realizaríase unha vez xustificadas todas as actividades correspondentes a ese ano. Para o caso de que non fose posible executar todas as actividades previstas durante o ano, estas incrementaríanse no seguinte exercicio.

Estes pagamentos realizaríanse de acordo coa previsión de actividades anuais a desenvolver por cada unha das entidades participantes (Vid. Cadro Base Oitava do Convenio).

I.7. Tal como se recolle no Convenio, para o caso de que durante a súa vixencia se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderíase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollerse nunha Addenda, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

I.8. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa*



Concello de Vigo

básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe / Memoria xustificativa, a orde de inicio de expediente da concellería delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 278.900€ (69.725€/ano) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Entidades PLDA Financ Autonómica*”) e á súa bolsa de vinculación, correspondendo a cantidade de 69.725€ ó orzamento de 2018. As correspondentes a futuros exercicios (2019, 2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, Dª. Mª Concepción Campos Acuña.

Doutra,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra a droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 6, CP 36201 de Vigo.

D./D^a Paula González González, con DNI nº 35.318.058-V, presidente/a da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», con NIF G-27802818 e domicilio social na rúa Marín nº 1 (CP 36209).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación de Axuda ó Toxicómano “ÉRGUETE”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 28.02.2018, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D./D^a. Paula González González, en nome e representación da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o/a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da Asociación “ÉRGUETE”, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesarias para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, o Concello de Vigo pode promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última



Concello de Vigo

competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da L.7/1985; LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

III. A PREVENCIÓN do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a «Estratexia Nacional sobre Drogas», así como o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia». Considérase que a prevención é a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. A nivel xeral, os OBXECTIVOS fundamentais da PREVENCIÓN son:

- 1) Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas.
- 2) Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.
- 3) Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento diante da oferta de drogas.
- 4) Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
- 5) Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

Recoñécense tres NIVEIS DE ACTUACIÓN a nivel preventivo:

- a) *Prevención universal*, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ó que estea sometida.
- b) *Prevención selectiva*, que abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.

- c) *Prevención indicada*, dirixida de forma específica ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco en relación co consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ó abuso das mesmas.

IV. A drogodependencia é un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados polo mesmo. Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ÁMBITOS: escolar, familiar, xuvenil (lecer e tempo libre), laboral e comunitario.

V. O Concello de Vigo presta servizos sociosanitarios desde hai máis de 30 anos ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Día (UD) do “Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias” - CEDRO, desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social (promoción e reinserción social das persoas usuarias).

Conta tamén cun «Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións» (PLDA) no que se propoñen os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local. No ámbito da PREVENCIÓN e ó abeiro do PLDA leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Campañas de sensibilización e información dirixidas á poboación xeral e ás familias sobre os riscos asociados ó consumo de substancias e outras condutas adictivas.
- Proxectos de prevención no ámbito educativo.
- Proxectos de prevención nos lugares de consumo de substancias ilegais e alcohol.
- Posta en marcha de estratexias de prevención nas autoescolas.
- Implicación dos axentes sociais en actividades de prevención laboral.
- Posta en marcha dun sistema de atención, información e asesoramiento persoal a nivel comunitario.
- Desenvolvemento de accións formativas dirixidas a colectivos específicos en risco.

VI. O que se quere implementar agora pola Área de Benestar social, de forma máis planificada e cun horizonte temporal máis amplo, son os diversos Programas de PREVENCIÓN de drogodependencias do PLDA previstos para os próximos anos a través da colaboración concertada con entidades sociais participantes no Plan, formalizada nun convenio administrativo.

Todas elas son ONG que forman parte da súa “Comisión técnica de prevención”, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades.

VII. En concreto, as actividades programadas para impartir por parte de «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» nos vindeiros exercicios serían as seguintes:

Ámbito Escolar

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)



Concello de Vigo

- "Odisea" (prevención selectiva)

Ámbito familiar

- "Máis que un teito" (prevención universal)

Ámbito xuvenil

- "Activa" (prevención universal)

Ámbito comunitario

- "Información/ sensibilización sobre drogas" (prevención universal)
- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)

Á marxe destas, impartiranse directamente polo equipo técnico do PLDA outros cursos e actividades relacionadas como son:

- "Programa de prevención do consumo de drogas no ámbito educativo. PPCDE" (prevención universal).
- "En familia todos contan" (prevención selectiva).
- "Entre todos" (prevención indicada).
- "Ao alcance" (prevención universal do consumo de drogas no ámbito laboral).

Durante a vixencia do Convenio os anteriores cursos/actividades, que se axustan ós do catálogo da Consellería de Sanidade, poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

VIII. O presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da "Comisión técnica de Prevención" do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUCTAS ADICTIVAS 2018 – 2021».

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais deste Programa de PREVENCIÓN son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de

que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e ós determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ó consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

TERCEIRA.- A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas FICHAS que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

CUARTA.- As entidades sociais colaboradoras comprométense a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas en PREVENCIÓN de drogodependencias. Poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais aplicables.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo. A achega municipal será de 69.725€/ano e poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Entidades PLDA Financ Autónoma*”) e á súa bolsa de vinculación. As correspondentes a futuros exercicios estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

SEXTA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio. O persoal adscrito polas entidades participantes á súa execución en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral con esta Administración.

SÉTIMA.- Para o caso de que durante a vixencia do Convenio se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollerse nunha Addenda, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

3. O primeiro 50% da achega anual (34.862,50€) á sinatura do Convenio en 2018 e no mes de xaneiro de 2019, 2020 e 2021, sempre que estea xustificado o aboamento anterior (segundo aboamento anual).



Concello de Vigo

4. O segundo 50% restante da achega anual, unha vez xustificado o pagamento do mes de xaneiro, agás no ano 2021, no que o pagamento realizaríase unha vez xustificadas todas as actividades correspondentes a ese ano. Para o caso de que non fose posible executar todas as actividades previstas durante o ano, estas incrementaríanse no seguinte exercicio.

Estes pagamentos realizaríanse de acordo coa previsión de actividades anuais a desenvolver por cada unha das entidades participantes. Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

ENTIDADE	PROGRAMA	N.º OBRA DOIS PROGRAMAS	CUSTO UNI- TARIO ¹	ABO AMENTO 50%	IMPORTE TOTAL
AMAINA	"NON PASA NADA, PASA ALGO? (2º ESO)	39	300€		11.700€
	"ACTIVA"	3	900€		2.700€
				7.200€	14.400€
ÉRGUETE	"INFORMACIÓN-SENSIBILIZA- CIÓN (6º EDUCACIÓN PRIMA- RIA)	39	300€		11.700€
	"NON PASA NADA, PASA ALGO? (1º ESO)	21	300€		6.300€
	"MÁIS QUE UN TEITO"	27	125€		3.375€
	"FORMACIÓN DE MEDIADO- RES SOCIAIS EN PREVEN- CIÓN"	4	900€		3.600€
	"INFORMACIÓN - SENSIBILI- ZACIÓN PARA CLUBES DE- PORTIVOS"	22	125€		2.750€
					13.862,50€
ALBORADA	"NON PASA NADA, PASA ALGO? (3º ESO)	48	300€		14.400€
	"NON PASA NADA, PASA ALGO? (4º ESO)	30	300€		9.000€
	"ODISEA"	14	300€		4.200€
				13.800€	27.600€
					69.725€

NOVENA.- De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non están incursas en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

1 Para o cálculo dos honorarios dos/as formadores/as tomáronse como referencia os de FEGAS («Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria»).

DÉCIMA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, as beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o custo total das actividades subvencionadas resultasen ser menores que o contemplado para a concesión das subvencións ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución das subvencións na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- As entidades están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas (Art. 14.2 LPACAP) e deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>), por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, unha Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas en cada exercicio, que incluírá a relación detallada das actividades impartidas por cada unha delas, debidamente asinada pola persoa responsable do Centro nas que se realizaron, segundo o modelo que se lles facilitará.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo do anterior, a axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada sempre polos servizos da Concellería de Política Social (CEDRO-PLDA). O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención as beneficiarias deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedoras por resolución de procedencia de reintegro, o que poderán realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- As beneficiarias deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e surtirá efectos desde o 01.01.2018. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h] e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos, condicionado á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente.

VIXÉSIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, créase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do convenio. Estará composta por un representante de cada entidade social e un número igual de técnicos municipais da Área de Benestar Social – CEDRO e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área. Establecerá de común acordo as súas normas de funcionamento e corresponderánlle, entre outras, as seguintes funcións:

- 1) Velar polo correcto desenvolvemento do programa de prevención e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.
- 2) Avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos e, en xeral, da colaboración establecida.
- 3) Resolver as cuestións e controversias que poidan xurdir na execución do convenio.

Sen prexuízo da intervención previa desa Comisión mixta de Seguimento, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e

nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Para o caso de que as entidades participantes realicen algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social, e da Consellería de Sanidade.

VIXÉSIMO CUARTA.- As beneficiarias quedan informadas de que os seus datos e os dos seus representantes serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMO QUINTA.- A concesión das subvencións obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(619).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 5266/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 11/06/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos del Sector Público (RLCSP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou a composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Vigo, modificada por acordos de 10 de xuño de 2016, 13 de xaneiro de 2017 e 13 de xullo de 2017.

Segundo.- A entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, motivou a necesidade de modificar a composición da mesma, modificación que foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 9 de marzo de 2018.

Terceiro.- O día 27 de abril de 2018 publicouse no BOP o nomeamento de D^a María Isabel Fernández Gabriel como letrada asesora xurídica da Asesoría Xurídica Municipal, e pola titular da mesma solicítase a modificación da composición da mesa para integrala como a súa substituta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo

A disposición adicional 2^a.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formaran parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante aos suplentes da Titular da Asesoría Xurídica.

-II-

Competencia

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4^o da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de

contratación

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación para incorporar como suplente da Titular da Asesoría Xurídica a D^a María Isabel Fernández Gabriel.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. Presidente: D. David Regades Fernández, concelleiro delegado de Contratación

- Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María José Caride Estévez e D^a. María Jesús Lago Rey*

2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: D^a. Elena Muñoz Fonteriz

- Suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias*

3. Representante do grupo municipal da Marea de Vigo: D. Rubén Pérez Correa

- Suplentes: D^a. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez*

4. Titular da Asesoría Xurídica

Suplentes:

- D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe Área Xudicial*
- D^a María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica.*

5. Interventor Xeral:

Suplentes:

- D^a Olga Gómez Corbal, Interventora Xeral Adxunta*
- D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*



Concello de Vigo

- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

6. Secretario Xeral do Pleno:

- *Suplente: D. Secundino Otero Failde, técnico de Administración Xeral, xefe do servizo de Medio ambiente*

7. Xefe/a do servizo de Contracción

Suplentes:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración Xeral, xefa do servizo de Transportes*
- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral*

8. O responsable do contrato, ou persoa na que delegue.

9. Secretario: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración Xeral

Suplentes:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración Xeral, xefa do servizo de Transportes*
- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral*

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(620).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II”. EXPTE.14943/77.

Dáse conta da proposta asinada en data 7/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77) na seguinte orde descendente:

Empresas licitadoras	Puntuación criterios xuízo de valor	Puntuación criterios de fórmula	TOTAL
ESTUDIOS MEGA S.L	19,75	75,00	94,75
METODO ESTUDIOS CONSULTORES	23,00	66,50	89,50
ACADEMIA POSTAL 3	21,25	57,33	78,58
Centro de Estudios Activa Formación SL	21,75	53,88	75,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTUDIOS MEGA S.L, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional no apartado 6E do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 910,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(621).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENTA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 5363/106.



Concello de Vigo

Dáse conta da proposta asinada en data 7/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de maio, de PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. por apartarse a súa proposición do modelo establecido (cláusula 13.5c do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a GESA GESTIÓN DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do servizo de comercio o 6 e 7 de xuño de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) na seguinte orde descendente:

Nº	Licitador	Puntos
1	INTEGRA MXSI CEE, S.L.	100,00
2	ALEDA MANAGEMENT, S.L.	99,66
3	PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.	92,25
4	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	80,33
5	EULEN, S.A.	79,91
6	BONA FIDE LEMA, S.L.L.	70,97
7	EUROCONTROL Y SERVICIOS NOROESTE, S.L.	51,70

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MXSI CEE, S.L, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 937,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(622).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2002 GRAN VÍA-AVDA. DE MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 18/441.

Dáse conta da proposta asinada en data 7/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	95,24



Concello de Vigo

2	CIVISGLOBAL S.L.U.	94,04
3	HIDROMIÑO S L	94,01
4	ORECO S.A.	93,20
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	92,46
6	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	92,13
7	MISTURAS, S.A.	91,93
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,43
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	91,02
10	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	90,92
11	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	90,61
12	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	90,60
13	ORESA SL	88,77
14	PROYECON GALICIA, S.A.	88,65
15	ACCIONA CONSTRUCCION SA	88,07
16	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S LU- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA , S.L.	87,66
17	COPCISA, S.A.	87,52
18	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	87,23
19	NAROM SL	87,10
20	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	87,05
21	DRAGADOS, S.A.	80,73
22	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,60
23	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	75,62
24	CALDEVERGAZO SL	70,97

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 897,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(623).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DISCOS PARA O SISTEMA DE ALMACENAMENTO CORPORATIVO CON DESTINO O ARQUIVO DIXITAL. EXPTE. 8453/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

Terceiro.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 965,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., o día 28 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 4 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, S.L., de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de maio de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EDNON, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 129.870,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.539,51 euros.
- b) Propón un incremento do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3A do PPT para o nodo FAS 2650 (30 TB netos) de 8.02 (TB netos).
- c) Propón un incrementado do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3B do PPT para o nodo FAS 2552 (30 TB netos) de 50.09 (TB netos).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(624).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR JOSÉ FRAU RUÍZ. EXPTE. 4961/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluír deste procedemento a CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 15 de maio de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,07
2	ORESA, S.L.	95,63
3	ORECO, S.A.	88,15
4	ELSAMEX, SA	86,95
5	COPCISA, S.A.	85,64
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,45
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	79,84
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,79

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 819,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 28 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de abril e 14 de maio de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) por un prezo total de 455.462,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 79.047,14 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(625).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL NO MES DE ABRIL DE 2018. EXPTE. 15367/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/06/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, e polo concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de abril de 2018:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
15179/77	CM SER	Formación en Prevención de Riscos Laborais Vigo Emprega 2018-1ª quenda	Laboral Formación Servicios Formativos, S.L.U.	7.480,00 €
15180/77	CM SER	Curso de Inglés O.E. Vigo Capacita IV	Gadepro Formación y Consultoría, S.L.U.	2.240,00 €
15181/77	CM SER	Curso de Creación de Empresas O.E. Vigo Capacita IV	Gadepro Formación y Consultoría, S.L.U.	690,00 €
15194/77	CM SER	Servizo transporte a Ponteareas O.E. Vigo Capacita IV	Autocares Rías Baixas, S.L.	170,00 €
15198/77	CM SER	Poliza de responsabilidade civil por desprazamento O. E. Vigo Capacita IV	Allianz Seguros y Reaseguros, S.A.	74,44 €
15204/77	CM SER	Servizo transporte ao Porto de Vigo O.E. Vigo Capacita IV	Autocares Rías Baixas, S.L.	100,00 €
15208/77	CM SUB	Subministro produtos alimenticios O.E. Vigo Capacita IV	Alimentación Pérez Bargiela	4.500,00 €
15215/77	CM SER	Formación Curso de Soldadura Vigo Integra V	Formasolga	9.945,00 €

15216/77	CMSER	Gastos desprazamentos alumnos-traballadores O.E. Vigo Capacita IV	Sociedad Radio Taxi	499,99 €
----------	-------	--	---------------------	----------

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(626).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR ANO 2018 (2ª). EXPTE. 102672/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201800005646	9120.2260100	2.000,00	2.034,74	10/01/18	25/04/18	10/04/18	0,00	34,74
Abalde Comesaña Raquel	201800005647	9120.2310000	1.000,00	1.017,10	10/01/18	24/04/18	10/04/18	0,00	17,10
Abalde Comesaña Raquel	201800005648	9120.2200100	1.000,00	956,50	10/01/18	26/04/18	10/04/18	43,50	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201800005649	9120.2269900	1.000,00	1.110,38	10/01/18	24/04/18	10/04/18	0,00	110,38
Espada Recarey Luis	201800008000	9250.2279900	17.999,00	12.996,75	22/01/18	10/04/18	22/04/18	5.002,25	0,00
Espada Recarey Luis	201800008001	9250.2200100	500,00	424,70	22/01/18	09/04/18	22/04/18	75,30	0,00
Espada Recarey Luis	201800023714	9250.2200000	700,00	694,20	06/03/18	03/04/18	06/06/18	5,80	0,00
García Álvarez Luis	201800011209	9201.1620001	750,00	750,00	25/01/18	16/04/18	25/04/18	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201800014345	9201.2302000	657,62	231,20	09/02/18	11/04/18	09/05/18	426,42	0,00
García Álvarez Luis	201800014363	9201.2312000	700,00	574,46	09/02/18	11/04/18	09/05/18	125,54	0,00
García Álvarez Luis	201800015450	2311.4800000	3.000,00	1.339,00	14/02/18	10/05/18	14/05/18	1.661,00	0,00
García Álvarez Luis	201800030922	9201.1620001	1.085,61	1.085,00	09/04/18	10/04/18	09/07/18	0,61	0,00
García Álvarez Luis	201800030924	9201.1620001	1.085,61	1.085,00	09/04/18	10/04/18	09/07/18	0,61	0,00
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201800022753	9251.2240000	3.969,00	3.969,00	08/03/18	02/04/18	08/06/18	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201800007986	1320.2269900	1.500,00	492,93	19/01/18	20/04/18	19/04/18	1.007,07	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201800007987	1320.2312000	500,00	54,46	19/01/18	20/04/18	19/04/18	445,54	0,00
Otero Lamas Francisco	201800012492	3112.2279900	700,00	700,00	01/02/18	25/04/18	01/05/18	0,00	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	201800010168	9311.1620000	750,00	750,00	25/01/18	30/01/18	25/04/18	0,00	0,00
TOTAL			38.896,84	30.265,42				8.793,64	162,22

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201800005646, 201800005647, 201800005648 e 201800005649 de Abalde Comesaña Raquel.	✓	



Concello de Vigo

A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201800005646, 201800005647, 201800005648 e 201800005649 de Abalde Comesaña Raquel non se renderon no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes.

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201800005646	9120.2260100	2.000,00	2.034,74	10/01/18	25/04/18	10/04/18	0,00	34,74
Abalde Comesaña Raquel	201800005647	9120.2310000	1.000,00	1.017,10	10/01/18	24/04/18	10/04/18	0,00	17,10
Abalde Comesaña Raquel	201800005648	9120.2200100	1.000,00	956,50	10/01/18	26/04/18	10/04/18	43,50	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201800005649	9120.2269900	1.000,00	1.110,38	10/01/18	24/04/18	10/04/18	0,00	110,38
Espada Recarey Luis	201800008000	9250.2279900	17.999,00	12.996,75	22/01/18	10/04/18	22/04/18	5.002,25	0,00
Espada Recarey Luis	201800008001	9250.2200100	500,00	424,70	22/01/18	09/04/18	22/04/18	75,30	0,00
Espada Recarey Luis	201800023714	9250.2200000	700,00	694,20	06/03/18	03/04/18	06/06/18	5,80	0,00
García Álvarez Luis	201800011209	9201.1620001	750,00	750,00	25/01/18	16/04/18	25/04/18	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201800014345	9201.2302000	657,62	231,20	09/02/18	11/04/18	09/05/18	426,42	0,00
García Álvarez Luis	201800014363	9201.2312000	700,00	574,46	09/02/18	11/04/18	09/05/18	125,54	0,00
García Álvarez Luis	201800015450	2311.4800000	3.000,00	1.339,00	14/02/18	10/05/18	14/05/18	1.661,00	0,00
García Álvarez Luis	201800030922	9201.1620001	1.085,61	1.085,00	09/04/18	10/04/18	09/07/18	0,61	0,00
García Álvarez Luis	201800030924	9201.1620001	1.085,61	1.085,00	09/04/18	10/04/18	09/07/18	0,61	0,00
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201800022753	9251.2240000	3.969,00	3.969,00	08/03/18	02/04/18	08/06/18	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201800007986	1320.2269900	1.500,00	492,93	19/01/18	20/04/18	19/04/18	1.007,07	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201800007987	1320.2312000	500,00	54,46	19/01/18	20/04/18	19/04/18	445,54	0,00
Otero Lamas Francisco	201800012492	3112.2279900	700,00	700,00	01/02/18	25/04/18	01/05/18	0,00	0,00

Vega Andión Oscar Miguel	201800010168	9311.1620000	750,00	750,00	25/01/18	30/01/18	25/04/18	0,00	0,00
TOTAL			38.896,84	30.265,42				8.793,64	162,22

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(627).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DURANTE O MES DE MAIO DE 2018 NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2396/334.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 7/06/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de maio de 2018.

Expediente	2380-334. Realización de 6 obradoiros dos Maios en diferentes espazos da nosa cidade, no mes de maio deste ano 2018
Decreto concelleira	data 2 de maio de 2018
Informe Intervención	RC 43581
Adxudicatario	Asociación Etnográfica A Merdeira
Importe	1.200,00 euros
Expediente	2383-334. Prestación de servizos de equipo de megafonía para <i>V Quedada literaria</i> e polo mesmo concepto en 12 contadas do programa <i>No verán... un conto</i> . Actividades que terán lugar nos meses de maio, xuño, xullo e agosto en diferentes espazos da nosa cidade.
Decreto concelleira	data 7 de maio de 2018
Informe Intervención	RC 43477
Adxudicatario	Jesús Ruperto Andrés Tejada
Importe	1.210,00 euros



Concello de Vigo

Expediente	2387-334. Realización de accións formativas no CIOV (obradoiro de creación de textos poéticos, de lectura e interpretación e unha acción dinamizadora (un Slam) nos meses de maio e xuño no Instituto Municipal de Educación
Decreto concelleira	data 16 de maio de 2018
Informe Intervención	RC 44916
Adxudicatario	Silvia Penas Estévez
Importe	620,73 euros
Expediente	2391-334. Realización de 8 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas nos programas <i>No verán... un conto</i> (4 actividades) <i>Vigo arróláte</i> (2 actividades) e <i>Libros ao sol</i> (2 actividades)
Decreto concelleira	data 29 de maio de 2018
Informe Intervención	RC 47179
Adxudicatario	Raquel García Rodríguez (nome comercial: Raquel Queizás)
Importe	1.980,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(628).- ABOAMENTO DE INCENTIVO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA AO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 32084/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

A regulación legal da xubilación ven recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación no relativo á xubilación anticipada, recollida no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, podendo os empregados municipais por vontade propia acceder á xubilación anticipada, sempre que reunan os requisitos legais necesarios para elo.

A Corporación municipal en sesión de 28 de decembro de 1998, aprobou o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, onde no seu Capítulo IX Acción Social, no seu artigo 33 recollese este incentivo, que se transcribe literalmente:

“Artigo 33.- Incentivos á xubilación anticipada.

A xubilación producirase ós 65 anos de idade sen prexuízo de prórroga no servizo que autorice a lexislación vixente.

A xubilación voluntaria antes de cumprir-la dita idade, e sempre que legalmente sexa posible, dara lugar a unha indemnización polos seguintes importes:

Se se xubila ós 60 anos: 1.500.000.- ptas.

Se se xubila ós 61 anos: 1.300.000.- ptas.

Se se xubila ós 62 anos: 1.00.000.- ptas.

Se se xubila ós 63 anos: 800.000.- ptas.

Se se xubila ós 64 anos: 600.000.- ptas.”

Dende o 2 de abril de 2017 prodúxose a xubilación anticipada dos empregados 13592, 11819, 10694, 16509, 14686, 83166, 15705, 15036, 13600, 14700 e 83286, solicitando todos eles o incentivo á xubilación anticipada que se contempla no art. 33 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

Con datas 17 e 21 de decembro de 2015, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador, acordou o mantemento do artigo 33 así como fixar un criterio de cómputo de aplicación de proporcionalidade. A tal efecto, incorpórase copia de dita acta ao presente expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social.

Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo (art. 33).

Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

CONCLUSION.-

Procede o outorgamento do incentivo á xubilación anticipada ao seguintes solicitantes, xa xubilados polas contías que en cada caso se especifican, e que figuran no cadro anexo, incorporado ao presente expediente:

	IDADE XUBILACION	IMPORTE
13592	63 anos	4.808,10
11819	63 anos e 4 meses	4.407,43
10694	63 anos	4.808,10
16509	60 anos	9.015,18



Concello de Vigo

14686	59 anos	9.015,18
83166	63 anos	4.808,18
15036	64 anos	3.606,07
15705	60 anos	9.015,18
13600	63 anos	4.808,10
83286	63 anos	4.808,10
14700	64 anos	3.606,07
		62.705,69

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 22101610400 "Reserva para xubilación anticipada" por importe de 62.705,69 €, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Estimar ás solicitudes de incentivo á xubilación anticipada e acceder ao outorgamento con cargo a partida 22101610400, os seguintes solicitantes, antigos traballadores municipais polas contías que en cada caso se especifican e que suman un total de 62.705,69 €:

	IDADE XUBILACION	IMPORTE
13592	63 anos	4.808,10
11819	63 anos e 4 meses	4.407,43
10694	63 anos	4.808,10
16509	60 anos	9.015,18
14686	59 anos	9.015,18
83166	63 anos	4.808,18
15036	64 anos	3.606,07
15705	60 anos	9.015,18
13600	63 anos	4.808,10
83286	63 anos	4.808,10
14700	64 anos	3.606,07
		62.705,69

Segundo.- Acordar que se proceda a súa inclusión na nómina municipal (v.ref. expte. 30171-220).

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(629).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO DE VARIOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 32055/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/18, dáse conta do informe-proposta do 24/05/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditados documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Seguridade e Mobilidade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos, Benestar Social, Normalización Lingüística e área de RRHH e Formación (SPRL).

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.



Concello de Vigo

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

No caso do expediente 81804/250, a Comisión de Goberno de data 20/10/2003 acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais ao funcionario con número de persoal 78966, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Viais Municipais. Incorpórase en dito expediente relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc., incluíndo relación de expedientes e localización das obras.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **3.675,90 €**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir as indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 79388-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
81558-81675/250	VÍAS E OBRAS	Villar Estévez, Raimundo	*****815-J	11682	Marzo-abril	314,45 €
81804/250		Berros Pérez, Alfonso	*****182-H	78966	1º trim.2018	360,60 €
15187/77	D.L.EMPREGO	Francisco J. Gutiérrez Orúe	*****232-R	13920	Feb-marzo	29,44 €
514/201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	*****162-E	13706	Marzo-abril	588,62 €
517/201		Yáñez Rodríguez, Julio	*****496-H	17822	Marzo-abril	534,66 €
180032134	SEGURIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	*****643-B	15303	Marzo-abril	277,97 €
180047991		Rodríguez Caramés, José M.	*****314-D	15355	Marzo-abril	267,52 €
		Bacelos González, José	*****371-N	15480	Marzo-abril	318,25 €
35157/502	SERV.ECONÓM.	Fragua Jamardo, Vicente	*****018-D	15510	Febreiro	191,14 €
		Fernández Pedreira, Enrique	*****726-R	11529	Febreiro	215,84 €
		Comesaña Rial, Manuel	*****647-F	9550	Febreiro	131,48 €
		González Campelos, Manuel	*****315-S	23656	Febreiro	266,57 €
11465/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	*****284-W	76430	Marzo	91,01 €
	MUSEOS	Ballesta De Diego, José J.	*****836-L	76439	Marzo	2,28 €
180030386		Egea Torrón, Pilar	*****376-C	18543	Marzo-abril	17,10 €

180047301		Rodríguez Fernández, Xavier	*****837-V	80072	Marzo-abril	25,08 €
152281-154954/301	B. SOCIAL	Díaz Sánchez, Marta	*****105-M	82992	Marzo-abril	12,18 €
154131-156467/301		Martínez Ramos, Erea	*****793-E	79557	Marzo-abril	2,22 €
2344/334	NORMALIZ.LING	Souto González, Marta P.	*****893-R	23840	Xan-marzo	10,86 €
235/2202	RRHH-FORMACIÓN	González Soengas, Aránzazu	*****598-Z	79388	Marzo	18,63 €
TOTAL						3.675,90 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

"Aprobar o gasto por un importe de **3.675,90 €**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 79388-



Concello de Vigo

imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

As partidas funcionais son as seguintes:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras - Ospio	675,05 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	29,44 €
9200	Conserxería	1.123,28 €
1330	Mobilidade e Seguridade	863,74 €
9320	Servizos Económicos	805,03 €
1640	Cemiterios	91,01 €
3371	Museos	44,46 €
2310	Benestar Social	14,40 €
3341	Normalización Lingüística	10,86 €
9201	Area RR.HH. E Formación	18,63 €
	TOTAL	3.675,90 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(630).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO AXUDANTES DE OFICIOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA VÍAS E OBRAS. EXPTE. 31639/220.

Visto o informe de fiscalización do 01/06/18, dáse conta do informe-proposta do 11/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 08/03/2018, o Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino de catro axudantes de oficios por mor da situación existente no Servizo de Vías e Obras e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 13/03/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro axudantes de oficios á Xunta de Goberno Local, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 10/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación, informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la



Concello de Vigo

función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 147-Axudante de Oficios) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para

cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de 08/03/2018, do Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 13/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, obrante no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro axudantes de oficios para o Servizo de Vías e Obras, supón un gasto de **43.378,44 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **15.876,72 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:



Concello de Vigo

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Axudante de Oficios, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a Teresa Quinteiro Domínguez, con DNI no ****920-N, D. Francisco Morillo Pereda, con DNI no ****127-H, D. Jesús Veloso Costas, con DNI no ****100-W e D. Gonzalo Rodríguez Fernández con DNI no ****359-C**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito de data 03 y 04/05/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como axudantes de oficios ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de Vías e Obras, que constan no escrito de data 08/03/2018, do Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, e en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **43.378,44 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a Teresa Quinteiro Domínguez, con DNI no ****920-N, D. Francisco Morillo Pereda, con DNI no ****127-H, D. Jesús Veloso Costas, con DNI no ****100-W e D. Gonzalo Rodríguez Fernández con DNI no ****359-C**, na súa condición de seguinte aspirante e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva

aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 147, axudantes de oficios, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito ao Servizo de Vías e Obras, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Xefe do Servizo de Vías e Obras, o Xefe administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(631).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, COMO OFICIAL-COIDADOR DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE VIGO-ZOO, EQUIPARADO NO GRUPO C2. EXPTE. 32023/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- Consta nesta Área de RRHH e Formación petición solicitando o nomeamento interino de oficiais coidadores (nº doc 180069207), necesarios para garantir a eficiente prestación dos servizos, copia do cal se anexou ao presente expediente.

II.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 15/05/2018, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como oficial-coidador de mantemento, vixilancia e control, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicárase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

III.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Como requisitos xerais para o acceso contéplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:



Concello de Vigo

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre

mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.***
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***
- c) El personal eventual.***
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.***

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Así mismo, o artículo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como oficial coidador de mantemento, vixilancia e control do Vigo-Zoo, integrado no subgrupo C2, e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño de 2015”

Terceiro.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Oficiais coidador, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Cuarto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ANEXO ÚNICO

Bases reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como como Oficial coidador mantemento, vixilancia e control do Vigo-Zoo, integrado no grupo C2. (Expte. 32023/220)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control do Vigo-Zoo, grupo C2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



Concello de Vigo

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para a toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudos completos e necesarios e que se efectuou o depósito para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento. O permiso de conducir esixido, se acreditará mediante a presentación do citado permiso ou copia compulsada do mesmo.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de oficial de oficios e Operador de Informática antes relacionadas.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes. Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos teóricos-prácticos ou, realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que



Concello de Vigo

regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirse ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 2 ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitud noutros Rexistros ou a través de correo postal

na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado encadrado no subgrupo A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.



Concello de Vigo

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, encadrado/a no grupo C2 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico

administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante



Concello de Vigo

parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

TEMARIOS

TEMA 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978.

TEMA 2.- Dereitos fundamentais e liberdades públicas

TEMA 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, principios xerais e estrutura.

TEMA 4.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 5.- A administración local. Regulación. Tipos de entidades locais.

TEMA 6.- O municipio. Territorio e poboación, organización e competencias.

TEMA 7 .- Funcións e tarefas dos Oficiais Coidadores de Vixilancia, Mantemento e control do Parque Zoolóxico. Breve referencia a cada un deles.

TEMA 8.- Finalidades que perseguen os Parques Zoolóxicos.

TEMA 9.- Condicións mínimas que deben reunir as Instalacións dos Parques Zoolóxicos. Especial consideración dos recintos para cada especie de animais.

TEMA 10.- Aspectos mais relevantes da Lei sobre Conservación da Fauna Silvestre nos Parques Zoolóxicos (Lei 31/2003, do 27 de outubro, publicada no BOE no 258 de data 28 de outubro).

TEMA 11.- Características básicas das especies existentes no Parque Zoolóxico de Vigo, segundo as fichas de características de cada unha delas.

TEMA 12.- Estudo dos diferentes tipos de condutas animais.

TEMA 13.- Medidas para manter o benestar físico e psicolóxico dos animais en cativeiro. Prevención do estrés.

TEMA 14.- Normas de seguridade e saúde laboral de obrigado cumprimento polos oficiais coidadores de vixilancia e control polas funcións e tarefas do posto de traballo, segundo a normativa de aplicación. (Lei 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos laborais).

TEMA 15.- Coñecemento básico sobre medidas de prevención e primeiros auxilios.

TEMA 16.- Control de animais externos dentro do parque.

TEMA 17.- Etoloxía dos animais. A comunicación animal e o seu linguaxe corporal.

TEMA 18.- Alimentación de animais salvaxes. Manipulación , preparación e distribución.

TEMA 19.- Limpeza e hixiene de recintos para animais salvaxes. Útiles e produtos empregados.

TEMA 20.- Métodos de manipulación das diferentes especies do zoo. Técnicas de captura e inmovilización de animais salvaxes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(632).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA. EXPTE. 3790/443.

Visto o informe de fiscalización do 14/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/18, asinado pola técnica de xestión-FEDER Vigo Vertical, o xefe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de "CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440". O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a "Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas" cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.



Concello de Vigo

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 "Instalacións deportivas" a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha series de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA", cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (292.872,60 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de A Bouza e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocárase o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Renovación de sistemas de alumeadado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Nova instalación de depósito de auga soterrado e conexión a rede de recollida de augas pluviais incluída a parte proporcional, de canalización e limpeza de sumidoiros existentes.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 09.05.2018 informe sinalando o seguinte:

"A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 242.043,47 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra.

Polo tanto segundo determina o art. 235 da "lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014" non e preceptivo o informe de supervisión.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas, segundo se determina no apartado 3.1, esta obra unha vez rematada, pode ser entregada para o seu uso de acordo o art. 125 do R.D. 1098/2001, Regulamento da lei de contratos."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO



Concello de Vigo

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (292.872,60 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(633).- MANUAL DE PROCEDEMENTOS PARA A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE INTEGRADO (EDUSI) DENOMINADA “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADA MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SUSTENTABLE 2014-2020, E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS. EXPTE. 3702/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/06/18, asinado polo xefe da Área de Inversións-Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Boletín Oficial do Estado, de data 17 de novembro de 2015, publicou a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

As bases reguladoras da concesión destas axudas establecen que a área urbana elixida deberá permitir levar a cabo unha estratexia que aborde ao menos dous dos obxectivos temáticos definidos no anexo III da convocatoria: OT2 -Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas-; OT4 -Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono-; OT6 – Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos e; OT9 -Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación-.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 12 de Xaneiro de 2016, acordou a participación no procedemento de concesión das axudas convocada na dita Orde e solicitar a favor do Concello de Vigo axuda para a execución da estratexia de Desenvolvemento Urbano

Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL”, cuxa memoria se aprobou no mesmo acordo.

A Estrategia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado Vigo Vertical, presenta como obxectivos temáticos (no sucesivo OT), os catro definidos no devandito Anexo III da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. Cada un destes obxectivos temáticos e estratéxicos presenta varias liñas de actuación e obxectivos intermedios.

3.- Con data 3 de outubro de 2016, o Boletín Oficial do Estado publicou a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se concedeu, coa cualificación de “seleccionada”, axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €, con designación da Subdirección General de Cooperación Territorial Europea y Desarrollo Urbano como organismo intermedio de xestión e atribución ao Concello de Vigo e demais beneficiarias das axudas, da condición de «Organismos Intermedios del FEDER» unicamente aos efectos da selección de operacións. A xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de outubro de 2016, aceptou a axuda concedida.

4.- Por Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, resolveuse definitivamente a citada convocatoria de axudas e asignouse axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, nos termos arriba indicados.

Na dita Resolución precísase que:

«Debido a esta condición —de “Organismos Intermedios del FEDER” a los efectos de la selección de operaciones das beneficiarias das axudas— deberán (as beneficiarias das axudas) elaborar un Manual de Procedimientos. Este Manual, en el que deberán documentar todos aquellos aspectos y procesos que le permitan cumplir con sus obligaciones deberá ser remitido al Organismo Intermedio de Gestión del que dependan, en el plazo máximo de dos meses a contar desde la publicación de esta resolución en el «BOE», por los cauces y en el formato que se establezcan.

La formalización de la designación de las Entidades Locales seleccionadas como Organismos Intermedios a efectos de selección de operaciones, se realizará mediante un acuerdo de compromiso en materia de asunción de funciones para la gestión FEDER. Este documento, donde se recogen las funciones que estas Entidades asumen como organismos Intermedios a efectos de selección de operaciones frente a la Autoridad de Gestión del FEDER, se facilitará por parte del correspondiente Organismo Intermedio de Gestión, a quien se deberá remitir cumplimentado firmado por el máximo responsable de la Entidad Local».



Concello de Vigo

5.- A Xunta de Goberno Local, con data 16 de decembro de 2016, aprobou:

(i) A aceptación da axuda e a condición de beneficiaria da mesma.

(ii) O acordo de compromiso en materia de asunción de funcións para a xestión FEDER do Concello de Vigo, polo cal o Concello de Vigo, como beneficiario das axudas FEDER que nos ocupan, formaliza a súa designación como Organismo Intermedio a efectos de selección de operacións e asume as obrigas que a continuación se detallan:

- Elaboración dun Manual de procedementos no que se describan e documenten os procesos e procedementos, así como os aspectos da organización interna, asignación de funcións e coordinación das mesmas, que permitan cumprir con todas as súas obrigas como Organismo Intermedio. En particular, o Manual identificará unha unidade ou departamento do Concello de Vigo que exercerá as funcións propias do Organismo Intermedio, que deberá estar claramente separada das unidades ou departamentos responsables de iniciar e executar as operacións: as unidades executorias.
- A selección das operacións para o seu financiamento garantindo que se cumpren os requisitos do artigo 125.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 e que é acorde cos criterios relevantes -o Acordo de Asociación, a Declaración Ambiental Estratéxica, a correspondente Memoria ambiental e o resto da normativa aplicable- e cos Criterios e Procedementos de Selección de Operacións aprobados polo Comité de Seguimento do Programa Operativo.
- O Cumprimento da normativa comunitaria, nacional, autonómica e local de aplicación, en particular a normativa comunitaria de aplicación relativa a funcións que ante a Autoridade de Xestión son asumidas polo Concello de Vigo, a virtude deste acordo.
- A aplicación de medidas antifraude, mediante a aplicación dun sistema de autoavaliación do risco de fraude, do que informará ao Organismo Intermedio de Xestión, que deberá prestar a súa conformidade.
- Contribuír ao Comité de Seguimento do Programa operativo, nomeando un representante para o Grupo de Traballo Urbano do Comité de seguimento do programa Operativo, e contribuír á avaliación do programa Operativo para permitir ao organismo Intermedio de Xestión cumprir coas esixencias do artigo 114 do Regulamento (UE) 1303/2013.
- Dispoñibilidade da documentación de cara a pista de auditoría.
- Contribuír aos informes de execución e final.
- Subministrar a información ao sistema informático Fondos 2020.
- Remisión de copias electrónicas auténticas.
- Sistema de contabilidade separada.
- Respetar na selección e execución das operacións as normas sobre subvencionabilidade do gasto.
- Obriga de seguir as directrices dadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

(iii) Dar traslado dos citados acordos ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández, designado por acordo a Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2016, como responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL”, aos efectos de desenvolver o Manual de Procedementos.

6.- Iniciado o proceso de elaboración do Manual de Procedementos, e dentro deste proceso, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, por resolución de data 6 de febreiro de 2017 dispuxo á constitución do Comité de Autoavaliación do Risco de Fraude, coa seguinte composición.

Polo departamento de contratación:

5. A Xefa do servizo de contratación ou persoa na que delegue.

Polo departamento de asesoría xurídica:

6. La Titular de asesoría xurídica, ou persoa na que delegue.

Polo departamento de control orzamentario:

7. O responsable da Dirección superior contable e orzamentaria, ou persoa na que delegue.

Polo departamento de intervención:

8. O Interventor ou persoa na que delegue.

Polo departamento técnico/administrativa de xestión del EDUSI VIGO VERTICAL.

9. O xefe de servizo administrativo e control orzamentario.

10. O xefe da área de investimentos.

Tras oír aos departamentos concernidos, a composición da Comisión de Autoavaliación do risco de fraude quedou integrada polas seguintes persoas:

Persoas	Cargo
Luis García Álvarez	Dirección Superior Contable e Orzamentaria
Olga Gómez Cabral	En representación da Intervención Xeral do Concello de Vigo
Beatriz Barbará Rodríguez	Xefa do Servicio de Contratación
Susana García Álvarez	Letrada Xefa de Asesoramento – Asesoría Xurídica
Jose Angel Otero Lamas	Xefe Área Investimentos
Oscar Couce Senra	Xefe Servicio Administrativo e Control Orzamentario

Constituído o dito Comité para desenvolver o proceso de autoavaliación do risco de fraude, de acordo coas orientacións da Dirección General de Fondos Comunitarios, do Ministerio de Hacienda y Función Pública e a “ferramenta para a autoavaliación”, facilitada a este fin pola Subdirección General de Cooperación Territorial Europea y Desarrollo Urbano, con data de 9



Concello de Vigo

de febreiro de 2017 o Comité asinou a acta do proceso realizado de autoavaliación e medidas antifraude, que figura no expediente.

7.- O Comité de Seguimento, con data de 7 de xuño de 2017, aprobou a versión definitiva dos CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A SELECCIÓN DE OPERACIONES (CPSO), que foron comunicados polo Organismo Intermedio de Xestión ao Concello de Vigo o 18 de xullo de 2017.

8.- Con data 11 de outubro de 2017, o Concello de Vigo solicitou da Subdirección General de Cooperación Territorial Europea y Desarrollo Urbano, como Organismo Intermedio de Xestión e da Dirección General de Fondos Europeos, como Autoridad de Gestión, as adecuacións da Estratexia DUSI VIGO VERTICAL que seguen:

- a.- Ampliación do ámbito de actuación da Estratexia DUSI VIGO VERTICAL para o OT9.
- b.- Modificación non sustancial das liñas de actuación 6 e 7 definidos no OT4, da estratexia DUSI VIGO VERTICAL, para a fusión das mesmas.
- c.- Modificación non sustancial das liñas de actuación 13 e 14 definidos no OT6, da estratexia DUSI VIGO VERTICAL, para a fusión das mesmas.

O Organismo Intermedio de Xestión, en informes de datas 13 e 17 de novembro de 2017, autorizou as modificacións solicitadas pola Administración municipal.

9.- Rematada a elaboración do Manual de Procedementos por esta Administración municipal, no que se documentan todos aqueles aspectos e procesos que permitirán ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas, tras a incorporación a estes documentos das correccións e modificacións requiridas pola S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano, con data de 30 de abril de 2018 recibíuse notificación da resolución de 27 de abril de 2018, da Subdirectora General de Desarrollo Urbano, e documentación de avaliación do Manual de Procedementos, de «Aprobación do Manual de Procedementos propostos polo Concello de Vigo, remitido con data 20/04/2018, para o desempeño das funcións asignadas no apartado 2 de resolución de 12/12/2016 pola que se resolve a 1ª convocatoria das EDUDI». Dito documento se anexa ao presente expediente como “Manual procedementos EDUSI VIGO VERTICAL”.

10.- Para o cumprimento das obrigas consignadas no “Acordo de compromiso en materia de asunción de funcións para a xestión FEDER do Concello de Vigo”, como “Organismo Intermedio do FEDER para a selección de operacións” (Organismo Intermedio Lixeiro), recollese no Manual de Procedementos a seguinte estrutura organizativa:

— **Unidade de Xestión** (Organismo Intermedio Lixeiro), integrada por:

- a.- Órgano responsable da Unidade de Xestión do Concello de Vigo, como Organismo Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións. Será o

concelleiro ou concelleira do goberno municipal no que delegue o alcalde que cumpra coa condición derivada do principio de separación de funcións, xa que nas súas funcións atópanse perfectamente separadas das concellarías ou áreas da Entidade, que sexan responsables de iniciar, ou de iniciar e executar as operacións (Unidades Executoras).

Como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo como Organismos Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións, terá a competencia para materializar o acto de selección das operacións mediante a aprobación da mesma a través do sistema que indique o Organismo Intermedio de Xestión, debendo formalizar a selección mediante un acto no que se recollan as condicións da axuda (DECA), requisitos, plan financeiro e calendario, de acordo co artigo 125 (3) c) do RDC, que será debidamente notificado á unidade executora.

b.- Responsable técnico da Unidade de Xestión. De acordo coa condición de atoparse as súas funcións perfectamente separadas das unidades executoras, propónse encomendar as funcións de responsable técnico desta unidade ao Tesoureiro Municipal e responsable da Dirección Superior Contable e Orzamentaria D. Luís García Álvarez, coas funcións de revisión de solicitudes de financiación, elaboración do DECA, alta de operacións en Fondos 2020, seguimento económico, administrativo, dos procesos de declaración de gasto e mantemento da pista de auditoría e custodia documental.

c.- Estrutura técnica e administrativa da Unidade de Xestión: Deberá estar conformada polo persoal técnico e administrativo suficiente para o desenvolvemento das tarefas de acordo co Manual de Procedementos:

— Comités e Áreas Técnicas de Seguimento:

a) Comité de Dirección.- É o órgano onde se toman as decisións estratéxicas en relación ao desenvolvemento do proxecto. Debera reunirse mensualmente e estará integrado por:

- O alcalde de Vigo, que presidirá o Comité.
- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación. Vicepresidente do Comité.

Como vogais poderán formar parte de acordo coas necesidades organizativas:

- Representación da Intervención Xeral, da Asesoría Xurídica y da Secretaria Xeral
- Representación dos responsables dos Obxectivos temáticos
- Representación da dirección EDUSI Vigo Vertical.



Concello de Vigo

b) Comité de Seguimento.- É o órgano onde se toman as decisións de carácter operativo en relación a execución das operacións aprobadas. Deberase reunir semanal ou quincenalmente (en función da necesidade) e está formado por:

- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, que presidirá o Comité.
- E como vogais poderán formar parte de acordo coas necesidades organizativas:
 - Representación da Intervención Xeral, da Asesoría Xurídica y da Secretaria Xeral
 - Director DUSI.
 - Responsable da unidade de seguimento.
 - Representación dos responsables técnicos dos obxectivos temáticos.

c) Responsables do Obxectivo Temático:

1.- Concelleiros responsable de obxectivos temáticos: Como Concelleiros responsables de cada unha destas áreas e coa función de outorgar conformidade ás solicitudes de operacións emitidas, proponse:

- ✓ Concelleiro Responsable OT2 – O Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica. D. Javier Pardo Espiñeira
- ✓ Concelleiro Responsable OT4 e OT6 – o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.
- ✓ Concelleiro Responsable OT9 – O Concelleiro da Área de Emprego, Economía, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

2.- Responsables técnicos de obxectivos temáticos: Son os responsables de coordinar as operacións para un obxectivo temático concreto, coordinando na súa área ou servizo todo o relativo á proposta de operacións e á execución das mesmas para facilitar o cumprimento dos obxectivos fixados na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado.

Así mesmo son os responsables de velar polo cumprimento das directrices da Unidade de Xestión e do Director DUSI por parte das unidades que executen operacións no obxectivo temático das que é responsable.

d) Área de dirección Técnica EDUSI VIGO VERTICAL, integrada por:

1.- Dirección técnica EDUSI VIGO VERTICAL, coas funcións de dirección técnica do proxecto, recibir as comunicacións do Organismo Intermedio de

Xestión, da Autoridade de Xestión e do resto de Organismos. Así mesmo debe velar pola correcta execución das operacións e exercer labores de coordinación e seguimento, dando traslado a todas as áreas das directrices a seguir para a correcta execución das distintas operacións. Ademais, é o representante do Concello de Vigo no Grupo de Traballo Urbano do Comité de Seguimento do Programa Operativo.

2.- Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI VIGO VERTICAL,
integrada por:

- *Responsable da unidade de Seguimento e Coordinación*, coas funcións de seguimento global do proxecto no relativo a indicadores de resultado e produtividade, información e publicidade, participación cidadán, có obxectivo adicional de preparar a información para contribuír ós informes de execución anual e final, ás solicitudes do Comité de Seguimento do Programa Operativo, e á avaliación do mesmo.

- *Estrutura técnica e administrativa da Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI*, formada polo persoal técnico e administrativo suficiente para o desenvolvemento das tarefas de acordo co Manual de Procedementos:

A vista de todo o exposto, e de acordo co propio contido do Manual de Procedementos, procede dar conta á Xunta de Goberno Local das actuacións que van ditas polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento do Manual de Procedementos e os seus anexos asinados con data 27/04/2018, polo xefe da area de investimentos e polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, e da súa aprobación de acordo a notificación recibida con data de 30 de abril de 2018 da resolución de 27 de abril de 2018, da Subdirectora General de Desenvolvemento Urbano, e documentación de avaliación do Manual de Procedementos, no que se documentan todos aqueles aspectos, procesos e estrutura organizativa que permitirán ao Concello de Vigo cumprir coas obrigas derivadas do Acordo de Compromiso en materia de asunción de funcións para a xestión FEDER, adoptado por esta Administración municipal como consecuencia da asignación a esta da axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para a execución do proxecto denominado "VIGO VERTICAL", na primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) e a designación do Concello de Vigo como Organismo Intermedio a efectos de selección de operacións; e, en particular e dentro deste e dos seus anexos:



Concello de Vigo

a) Tomar coñecemento da estrutura organizativa prevista no Manual de Procedementos que se consigna no apartado 10 da parte expositiva do presente acordo.

b) Tomar coñecemento da constitución e composición do “Comité de Seguimento de Medidas Antifraude” recollido no Manual de Procedementos, de acordo coa Resolución do 2º Tenente de Alcalde y Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 6 de febreiro de 2017, así como da acta do Comité de Autoevaluación de Medidas Antifraude que tamén recolle o dito manual, e o inicio das actuacións do Comité de acordo coas obrigas derivadas para a súa actuación, de acordo co contido que se anexa a esta proposta como anexo I.

Segundo.- Tomar coñecemento da versión definitiva dos CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A SELECCIÓN DE OPERACIONES (CPSO), aprobados por el Comité de Seguimento en data 7 de xuño de 2017 e comunicados polo Organismo Intermedio de Xestión ao Concello de Vigo o 18 de xullo de 2017, de acordo co contido que se anexa a esta proposta como anexo II.

Terceiro.- Tomar coñecemento do informe de data 13 de novembro de 2017 autorizando a ampliación do ámbito de actuación da estratexia DUSI VIGO VERTICAL para o OT9 e do informe de data 17 de novembro de 2017, de aprobación da modificación non substancial das liñas de actuación 6 e 7 definidas no OT4, da Estratexia DUSI VIGO VERTICAL, para a fusión das mesmas e das liñas de actuación 13 e 14 definidas no OT6, da Estratexia DUSI VIGO VERTICAL, para a fusión das mesmas, de acordo co contido que se anexa a esta proposta como anexo III.

Cuarto.- Aprobar a declaración institucional en materia antifraude, proposta na acta do Comité de Autoavaliación de Medidas Antifraude, que recolle o Manual de Procedementos do EDUSI VIGO VERTICAL, no seu anexo III e proceder a súa publicación na WEB municipal e que se inclúe no anexo I desta proposta.

Quinto.- Dese traslado deste acordo ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández, para que na súa condición de responsable da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2016, así como do acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de decembro de 2016, e aos efectos de desenvolver o Manual de Procedementos, proceda a designar as persoas que que asumirán as funcións das seguintes areas:

- . DIRECCIÓN TECNICA EDUSI VIGO VERTICAL.
- . RESPONSABLE DA UNIDADE DE SEGUIMENTO E COORDINACIÓN.
- . RESPONSABLES TÉCNICOS DE OBXECTIVOS TEMÁTICOS.

Así mesmo, deberá proceder o citado concelleiro á designación organizativa do persoal contratado para a execución do programa EDUSI VIGO VERTICAL que deba integrar a estrutura técnica e administrativa da Unidade de Xestión e a estrutura técnica e administrativa da Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI.

Sexto.- Dese conta do presente acordo á Area de Recursos Humanos e Formación para a tramitación dos expedientes que procedan para a execución dos acordos adoptados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(634).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 8609/336.

Visto o informe de fiscalización do 2/05/18 e o informe xurídico do 05/06/18, dáse conta do informe-proposta do 17/04/18, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de goberno Local, en sesión de 28 de febreiro de 2014 adoptou o seguinte acordo: Adxudicar a ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336) por un prezo total de 347.996,00 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 31.636,00 €. A data de formalización do contrato foi o 20/03/2014.

Para establecer a data dende a que procede a revisión tomarase a data do último día de presentación de ofertas (02/11/2013) e engádeselle 3 meses (02/02/2014) , sendo esta a data a partir da cal se aplicará a revisión do IPC.

1ªRevisión: periodo febreiro 2014 - marzo 2015: variación IPC -0,4%.

2ªRevisión: periodo febreiro 2014 - marzo 2016: variación IPC -1.3%

3ªRevisión: periodo febreiro 2014 – marzo 2017: variación IPC 1%.

Polo tanto, e a vista do anterior, a anualidade do contrato obxecto de revisión é de 86.999 €/ano (10% iva incluído).

Para proceder á **1ª revisión** do mesmo tomarase a referencia do incremento do IPC no ano 2014, o cal sitúase en un -0,4%. Tendo en conta que a fórmula para a revisión de prezos establecida na FEC para este contrato indica que dita revisión recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato que aplicado o prezo inicial do contrato, resulta a aplicar a seguinte fórmula: $-0,4\% \text{ de } 86.999 \text{ €/ano (} 50\% \text{ } 86.999 \text{ €/ano)} = -0,20\% = 86.825 \text{ €/ano}$. **O IPC revi-**



Concello de Vigo

sado é -174 €/ano. O prezo do contrato para o periodo 21/03/2015- 20/03/2016= 86.825 €/ano.

Para a **2ª revisión do contrato** tomarase como referencia variación do IPC no ano 2015, que segundo o INE foi de -1,3 %. Aplicando a fórmula de revisión de prezos para o periodo febreiro 2014-marzo 2016: $-1,3\% (50\% 86.999/\text{ano}) = -0,65\% 86.999\text{€/ano}$. **O IPC revisado é -565,49 €/ano. O prezo do contrato para o periodo 21/03/2016 - 20/03/2017= 86.433,51€/ano.**

Para a **3ª revisión do contrato** tomarase como referencia variación do IPC no ano 2016, que segundo o INE foi de 1%. Aplicando a fórmula de revisión de prezos para o periodo febreiro 2014-marzo 2017: $1\% (50\% 86.999/\text{ano}) = 0,5\% 86.999\text{€/ano}$. **O IPC revisado é 435€/ano. O prezo do contrato para o periodo 21/03/2017 - 20/03/2018= 87.434€/ano.**

Cálculo dos atrasos

1ª Revisión IPC: periodo (21/03/2015- 20/03/2016).

Prezo revisado: 86.825 €

Prezo facturado: 86.999 €

Atrasos: -174 €

2ª Revisión IPC: periodo (21/03/2016-20/03/2017).

Prezo revisado: 86.433,51 €

Prezo facturado: 86.999 €

Atrasos: -565,49 €

3ª Revisión IPC: periodo (21/03/2017- 20/03/18).

Prezo revisado: 87.434 €

Prezo facturado: 86.999 €

Atrasos: 435 €

A diferenza de atrasos corespondentes á 1ª, 2ª e 3ª revisión ascende a -304,49 €.

A partir do 21/03/2018 o importe mensual coa 3ª revisión IPC será de 7.286,16 €, ascendendo o prezo do contrato a 87.434 €/ano.

Dito importe regularase unha vez que aprobe o expediente a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto anteriormente, previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. “Aprobar a 1ª Revisión do prezo do contrato do servizo de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico período febreiro 2014 - marzo 2015, fixando o mesmo a partir de 21/03/2015 ata o 20/03/2016 en **86.825 €/ano ive incluído**.
2. Aprobar a 2ª Revisión de prezos do período febreiro 2014 - marzo 2016, fixando o mesmo a partires do 21/03/2016 ata 20/03/2017 en **86.433,51€/ano ive incluído**.
3. Aprobar a 3ª Revisión de prezos do periodo febreiro 2014 – marzo 2017, fixando o mesmo a partires do 21/03/2017- 20/03/2018 en **87.434 €/ano ive incluído**.
4. Aprobar as seguintes diferencias correspondentes aos periodos:
 - **Periodo marzo 2015 - marzo 2016:** Diferencia = **-174 €**
 - **Período marzo 2016 - marzo 2017:** Diferencia = **-565.49 €**
 - **Periodo marzo 2017 - marzo 2018:** Diferencia = **435 €****TOTAL = (-174 €) + (-565 €) + 435 € = -304 €**
5. Aprobar o importe da facturación mensual a partir do 21/03/2017 : 7.286,16 €, sendo o prezo do contrato de 87.434 € /ano .”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(635).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez